CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Contesta adecuadamente ás preguntas de comprensión dos texto "Ultimamente non leo moito teatro".		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta, coa axuda de pautas, a interpretación da obra elexida para ler.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Engade a un texto enunciados que conteñan palabras do mesmo campo léxico que as que xa aparecen.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Copia un ditado enchendo eios ocios cos signos de puntuación que faltan, incluíndo as parénteses e as comiñas.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Elabora un esquema coas clases de adverbios e locucións adverbais. Identifica adverbios en oracións. Nunha relación de palabras que expresan sentimentos, escribr unha interxección para cada unha. Localiza preposicións e conxuncións, nun texto.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Valora os artigos xornalísticos escritos en galego.	TI	49
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Explica, de xeito resumido, onde ocorre unha historia, quen son os personaxes e que fan.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa na organización da representación dun texto.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Busca información sobre conmemoracións que teñen por finalidade difundir a lingua e a literatura galegas.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Recoñece que debe evitar o uso abusivo do móbil.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Ten o convencemento de que precisa mellorar a súa comprensión lectora en galego, ampliando vocabulario.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta que o galego ten que estar presente nos medios de comunicación para que chegue a moita xente.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñece que existe unha valoración negativa do acento galego e rexeita este prexuízo.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Escribe un pequeno monólogo.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Escribe títulos de obras de autores/as galegos que lle gustaría ler.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona os textos lidos con outros que leu previamente, con películas ou vivencias persoais.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto sobre o Día das Letras Galegas dirixido a persoas que non son galegas.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Pescuda sobre a orixe da palabra Tanxugueira, que cambios sufriu na súa forma e en que zonas de Galicia existe este topónimo.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	No texto sobre as Letras Galegas, busca unha linguaxe que o faga atractivo ás persoas de fóra de Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> </ul>

## Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Optamos, en liñas xerais, por **METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA, ACTIVA E PARTICIPATIVA**. Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Procuramos a **APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS**. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Primarase o **TRABALLO COLABORATIVO E EN EQUIPO** buscando a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e teranse en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

Prestaráselle a máxima atención á ortografía, así como á expresión oral e escrita (incidirase moito nos niveis e rexistros de lingua) Igualmente, todo o relativo á colocación dos pronomes átonos, por ser consubstancial ao noso idioma este aspecto, así como o de intentar, na medida do posible, desterrar ou evitar os castelanismos en beneficio do autóctono. Xa que logo, a adquisición de léxico, fomentando a aprendizaxe de vocabulario, alén do recollido nos temarios, será outra das tarefas que é conveniente desenvolver.

Neste proceso de instrución e neste nivel educativo mestúranse unha serie de factores e intereses que nos obrigan a seleccionar estratexias diferentes (exposición, indagación, interacción entre iguais, etc.) en función dos aspectos que temos que tratar e dos obxectivos de ensinanza, do mesmo xeito que os recursos empregados tamén deben ser variados (exposición do profesor, traballo con fontes, lectura e interpretación de textos, elaboración de textos a partir dun modelo, transformacións, debates, etc.). Segundo o obxectivo que se pretenda alcanzar, optarase por un recurso e unha estratexia determinada. A combinación de toda esta gama de procedementos de aprendizaxe vai favorecer que o alumno poida obter unha información máis plural e diversa que lle permita entender, procesar e criticar as cantidades inxentes de información que recibe desde múltiples medios.

Este departamento propónse elaborar actividades de reforzo e ampliación para mellor **ATENDER Á DIVERSIDADE** de capacidades que se detecten na avaliación inicial.

Segundo esta mesma liña educativa atenderase as actividades de tratamento dos contidos transversais, evitando a atención marxinal, que lle resta coherencia interdisciplinar e consideración.

Procurarase fomentar a **LECTURA COMO ELEMENTO TRANSVERSAL** de diversos modos: quer a través dos libros de lectura, quer a través dos concursos propostos e/ou realizados, quer a través de conferencias impartidas por autoras e autores.

A lingua oral terá un fomento especial, sexa por parte da implicación obrigada do noso departamento, como do EDLG.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital Netex Smart na plataforma Eva E-Dixgal.
Fichas en papel e textos sinxelos para comentar.
Libros de lectura.
Uso da biblioteca do IES.
Saídas en grupo para acudir a eventos relacionados coa Lingua e a Literatura.
Diccionario da Lingua Galega.

Este curso conta coa plataforma E-Dixgal. Non será o único material utilizado polo alumnado pois complementarase con fichas en papel.

As fichas serán seleccionadas ou elaboradas polo profesorado para reforzar e ampliar os contidos. Utilizarase o dicionario (RAG, Portal das Palabras) para que o alumnado consiga buscar información con soltura e rapidez.

Seleccionaranse libros de lectura axeitados ao nivel e os gustos do alumnado para facer lecturas compartidas na aula.

Fomentarse o uso da biblioteca, tanto para practicar a lectura como para préstamo de libros. Tamén animaremos ao alumnado a participar nas actividades que organiza a biblioteca como club de lectura, concurso,...

Este ano, coordinado co Departamento de Música, procurarase o canto e recitado de poemas de autores galegos con acompañamento da guitarra.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do curso e consistirá nunha proba de mínimos na que o profesorado poderá comprobar o nivel de cada unha das competencias das que parte o alumnado.

A puntuación acadada polo alumnado nestas probas non terá repercusión na nota da avaliación, sendo exclusivamente orientativa.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes. A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do curso e consistirá nunha proba de mínimos na que o profesorado poderá comprobar o nivel de cada unha das competencias das que parte o alumnado.

A puntuación acadada polo alumnado nestas probas non terá repercusión na nota da avaliación, sendo exclusivamente orientativa.

Ao comezo do proceso, nas primeiras semanas lectivas, realizarase a avaliación inicial para obter información sobre a situación dos alumnos, e detectar as deficiencias que poidan dificultar as aprendizaxes, e en tal caso modificar a programación.

A proba consta, basicamente, de dúas partes:

- avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.

- cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: lingua, lingua e sociedade e literatura.

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	9	9	9	8	8	8	8	8	8
<b>Proba escrita</b>	47	40	54	48	48	41	49	48	51	40
<b>Táboa de indicadores</b>	53	60	46	52	52	59	51	52	49	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	48	51	<b>47</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	52	49	<b>53</b>

### **Criterios de cualificación:**

Cómpre salientar que as familias estarán informadas sobre os criterios de cualificación e as ferramentas ou instrumentos que empregará este departamento para realizar a avaliación.

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar os contidos desenvolto (conceptuais e procedementais). As probas poden ser escritas (preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios, comentario de textos...) ou orais (debates, presentacións orais, gravacións en vídeo ou audio...). Nelas o alumnado deberá demostrar a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas; así como autonomía e corrección na elaboración de textos tanto orais como escritos. A competencia oral do alumnado constatarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella.

As faltas de ortografía restarán nas probas escritas -0,05 (nunca a falta reiterada) ata un máximo de 1,5 puntos por proba. As lecturas propostas avaliaranse a través de traballos ou unha proba que pode ser oral ou escrita.

Por cada puntuación negativa restarase -0,25; polo tanto, non haberá puntuación no apartado de actitude e traballo no caso de haber catro ou máis notas negativas. Estas notas negativas non se refiren ás incorreccións de tarefas propias do proceso de aprendizaxe, senón á non realización destas, facer comentarios ofensivos ou rirse dos compañeiros e compañeiras.

--- Cualificación trimestral:

As probas escritas e orais: 80%

O libro de lectura: 10%

Traballos e actitudes non recollidos nos apartados anteriores (deberes, participación en actividades da biblioteca...): 10%

--- Cualificación final:

Cando un alumno ou alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobada a avaliación, e se a nota é inferior a 5 considérase suspensa a avaliación. Ante isto queda claro que se a cualificación é negativa no exame final (terceira avaliación) amosará que o alumno ou alumna non foi que de superar os obxectivos programados por este departamento.

### **Criterios de recuperación:**

Non hai recuperacións parciais, trimestre a trimestre. A progresión e a solución das dificultades obsérvase nas melloras acadadas en avaliacións posteriores.

O alumnado que non consiga o aprobado na terceira avaliación terá unha segunda oportunidade realizando unha proba de recuperación dos contidos mínimos do curso antes da sesión da avaliación final.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A profesora ou profesor encargado do curso en que estea matriculado o alumno susceptible de ter que ser examinado das materias pendentes, fará un seguimento da súa evolución e progresión, de maneira que isto poida servir como apoio á súa avaliación final. O docente fixará unha hora de atención ao alumno ou alumna para resolver posibles dúbidas. Outra posibilidade sería utilizar os recreos da maneira puntual se as circunstancias así o requirisen. Os contidos esixibles para o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores cinxiranse ao dos MÍNIMOS ESIXIBLES, xa fixado nesta mesma programación.

A tarefa inicial marcada por parte do Departamento de Lingua Galega e Literatura é o do fornecemento de material de apoio e reforzo para aquel alumnado que, tendo suspendida a materia específica, debe recuperala. Así pois, e coordinado por medio do equipo do Departamento e a través da xefa deste, escolleranse unha serie de exercicios cos cales se elaborará un caderno que lle será entregado a cada alumno/a. Marcaranse unha serie de datas para os devolveren feitos.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Unha vez decididos hai que ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles . Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Detallar con precisión aqueles apartados que deben sufrir unha adaptación e en que medida resulta improcedente pois non é posible unha adaptación para cada alumno, agás nas ACI, senón que hai que adaptar o contido que se está desenvolvendo ou mesmo un apartado do contido. Se especificamos os criterios particulares dos diferentes graos de atención á diversidade, este sería o protocolo do noso departamento:

#### Reforzos educativos

Este sistema de atención está pensado para atallar dificultades puntuais ou acumuladas para asimilar contidos concretos. A actuación incidirá en secuenciar as dificultades do proceso ata chegar ao punto esixido, en achegar exercicios adaptados e en realizar explicacións individualizadas.

#### Reforzo fóra da aula

A atención externa en 1º ESO asúmea tamén o Departamento. Os reforzos realizaranse en coordinación coa profesora do curso de referencia, o docente de apoio irá desenvolvendo a programación baseada nos obxectivos, competencias, criterios de avaliación, estándares e contidos mínimos que aparecen sinalados nesta programación. Como criterio xeral de actuación, focalízase a aprendizaxe nos contidos máis procedementais, na lingua oral e na sensibilización cara aos textos literarios; pola contra, alixéiranse os contidos de abstracción lingüística (sintaxe, análise textual, ...). Pola mesma filosofía da medida poden convivir dous modelos de alumnado: estable, que presente dificultades lingüísticas estruturais; e descontínuo, aquel que precise apoio puntual en bloques determinados de contidos.

Asemade, inténtase unha coordinación co Departamento de Lingua Castelá para fixar os mínimos esixibles e evitar duplicidade nos bloques de contidos. Con todo, e dependendo da evolución do alumnado desta atención, poderanse modificar os mínimos establecidos na programación do curso.

Os instrumentos avaliativos coinciden cos xerais do departamento.

#### Reforzo dentro da aula

En todos os cursos tamén se seguirá un proceso de reforzo para o alumnado que presente dificultades xerais ou puntuais.

Teremos especial sensibilidade para adaptación dos exames ao alumnado que presente un perfil de TDAH seguindo unas directrices proporcionadas polo Departamento de Orientación.

Actividades de ampliación:

Nos cursos impartidos contémpanse actividades de atención á diversidade (tanto de reforzo como de ampliación). Estas actividades están adecuadas ao currículo vixente para a ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais que poida presentar o alumnado.

Como principio, promoveranse actividades que reforcen a competencia de aprender a aprender con temas de literatura e pescudas informativas varias.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - TIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación cívica.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respecto ás persoas con discapacidade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Respecto á pluralidade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación ambiental e para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.2 - comunicación audiovisual.	X	X	X	X



	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - TIC	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.	X	X	X	X
ET.5 - Educación cívica.	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X
ET.7 - Respecto ás persoas con discapacidade.	X	X	X	X
ET.8 - Prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X
ET.9 - Respecto á pluralidade.	X	X	X	X
ET.10 - Educación ambiental e para a saúde.	X	X	X	X

#### Observacións:

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

Favorecerase o nacemento de emprendedoras e emprendedores sociais con diversas capacidades: creadora e innovadora, proactiva para xestionar proxectos, de asunción e xestión deriscos, de liderado e traballo individual e en equipo e mais de sentidocrítico e da responsabilidade.

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a se comprometer cunha cidadanía activa e democrática.

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico)

A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc. estará presente en todo momento.

Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como os valores educativos, sociais e culturais, que afonden no interese pola educación para a paz, a convivencia e mais a interculturalidade. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural.

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do desenvolvemento sustentable, do medio, da climatoloxía e do cambio climático.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contribución ao Plan TIC	As aulas de 1º ESO están dotadas de ordenadores EVA-Edixgal, o que nos permite facer presentacións, vídeos, audios...			
Participación no Plan Lector.	Participamos nas actividades de dinamización da Biblioteca, que este curso se dedican a Psicoloxía, emotividade e adolescencia.			
Actividades relacionadas con festas e conmemoracións.	Letras Galegas, Concurso de Cabazas, postais e panxoliñas de Nadal, Antroido e outras actividades e concursos que van xurdindo ao longo do curso.			
Certames Literarios.	Maio en Catabois, Poesía e Imaxe.			
Saídas.	Organizadas por este Departamento ou en colaboración con outros.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Informo o alumnado dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.
Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.
Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.
Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.
Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.
Presento os contidos dando unha visión xeral do tema,
Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..
Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.
Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación
Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais
Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: Fágoo a sorteo.
Fago os grupos por niveis. Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis.
Á hora de realizar as actividades teño en conta as dinámicas cooperativas.
Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora...
Emprego medios técnicos audiovisuais.

Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, nformáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.
Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.
Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións...
Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.
Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.
No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución.
Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.
Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades.

### Descrición:

O profesorado explicará o tema ao alumnado utilizando os recursos que conveñan, incidindo na comprensión do vocabulario específico e Intentando que o alumnado comprenda cada un dos apartados con exemplos e preguntas.

O alumnado poderá intervir de forma ordenada para aportar coñecementos e opinións e resolver dúbidas. O profesorado revisará as tarefas e observará ao alumnado mentras as realiza na aula, axudándolle a resolver as dúbidas. Correxiranse os exercicios coa participación de todos/as.

O alumnado con NEE atenderá e intervirá nas explicacións xerais, sempre que sexa posible, e realizará as tarefas adaptadas ás súas necesidades. Sempre que sexa posible, a profesora de apoio atenderá ao alumnado na aula. Así mesmo, as probas de avaliación, serán adaptadas para este alumnado.

Na medida do posible, nos traballos en pequeno grupos, formaranse estes con alumnado diverso.

En todas as sesións haberá espazo para a lectura en voz alta.

Unha vez corrixidos os exames, comentaranse na clase a corrección para que o alumnado comprobe onde falla. As actividades do exame terán diferentes grados de dificultade para a súa execución; deste xeito, facilitarase que o maior número posible de alumnos/as acade o aprobado.

Utilizaranse as TIC para búsqueda de información, visualización de imaxes, elaboración de traballos,...

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os datos dos controis cotiáns, así como os indicadores de logro, servirán para avaliar o grao de adquisición de competencias por parte do alumnado e sacar conclusións de seguimento e avaliación mensual da programación.

Os resultados trimestrais servirán para unha avaliación máis exhaustiva que levará a confirmar ou modificar a organización dos contidos, a metodoloxía, as actividades didácticas ou os criterios das probas de avaliación do alumnado recollidas nesta Programación inicial. Ao fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso o Departamento avaliará:

- Desenvolvemento da Programación na clase.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Propostas de mellora.

### INDICADORES QUE SE VAN AVALIAR:

- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- Asignación a cada criterio de avaliación o peso correspondente na cualificación.
- Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
- Adecuación da estratexia metodolóxica.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.

- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.

## **9. Outros apartados**